

Eucalyptetum



As coleccións de xéneros como *Eucalyptus*, *Pinus*, etc., existentes no Xardín Botánico teñen como finalidade unha avaliación previa do comportamento no territorio e a súa adaptación a este, con vistas á súa posible utilización nas nosas latitudes.

O xénero *Eucalyptus* está integrado por preto de 1.000 especies, subespecies e híbridos, ten a súa orixe en Australia e Tasmania e foi introducido en Galicia cara a 1850.

A colección de Lourizán, á parte dos exemplares de *Eucalyptus globulus* existentes previamente, iniciouse en 1955 e está composta por 85 especies ou subespecies. Daquelles primeiros eucaliptos sobreviviron só unha parte, aos que se engadiu en diversas épocas novas variedades.

TAXONS COS QUE CONTA ACTUALMENTE ESTA COLECCIÓN		
1 <i>Eucalyptus fastigata</i>	23 <i>Eucalyptus nitens</i>	45 <i>Eucalyptus yarrensensis</i>
2 <i>Eucalyptus sieberi</i>	24 <i>Eucalyptus resinifera</i>	46 <i>Eucalyptus brookeriana</i>
3 <i>Eucalyptus gunnii</i>	25 <i>Eucalyptus obliqua</i>	47 <i>Eucalyptus obliqua</i>
4 <i>Eucalyptus subcrenulata</i>	26 <i>Eucalyptus delegatensis</i> subsp. <i>delegatensis</i>	48 <i>Eucalyptus smithii</i>
5 <i>Eucalyptus dives</i>	27 <i>Eucalyptus viminalis</i> subsp. <i>viminalis</i>	49 <i>Eucalyptus quadrangulata</i>
6 <i>Eucalyptus rudis</i>	28 <i>Eucalyptus blakelii</i>	50 <i>Eucalyptus maculata</i>
7 <i>Eucalyptus pauciflora</i> subsp. <i>pauciflora</i>	29 <i>Eucalyptus globulus</i> subsp. <i>bicostata</i>	51 <i>Eucalyptus oreades</i>
8 <i>Eucalyptus calophylla</i>	30 <i>Eucalyptus saligna</i>	52 <i>Eucalyptus botryoides</i>
9 <i>Eucalyptus glaucescens</i>	31 <i>Eucalyptus diversicolor</i>	53 <i>Eucalyptus polyanthemus</i>
10 <i>Eucalyptus cornuta</i>	32 <i>Eucalyptus regnans</i>	54 <i>Eucalyptus pauciflora</i> subsp. <i>niphophila</i>
11 <i>Eucalyptus amygdalina</i>	33 <i>Eucalyptus ficifolia</i>	55 <i>Eucalyptus cinerea</i>
12 <i>Eucalyptus robusta</i>	34 <i>Eucalyptus johnstonii</i>	56 <i>Eucalyptus umirega</i>
13 <i>Eucalyptus microcorys</i>	35 <i>Eucalyptus melliodora</i>	57 <i>Eucalyptus paniculata</i>
14 <i>Eucalyptus citriodora</i>	36 <i>Eucalyptus tereticornis</i>	58 <i>Eucalyptus fibrosa</i>
15 <i>Eucalyptus longifolia</i> × <i>tereticornis</i>	37 <i>Eucalyptus propinqua</i>	59 <i>Eucalyptus molucana</i>
16 <i>Eucalyptus grandis</i>	38 <i>Eucalyptus cythellocarpa</i>	60 <i>Eucalyptus camaldulensis</i>
17 <i>Eucalyptus ibbyi</i>	39 <i>Eucalyptus barberi</i>	61 <i>Eucalyptus radiata</i>
18 <i>Eucalyptus alpina</i>	40 <i>Eucalyptus globioidea</i>	62 <i>Eucalyptus stellulata</i>
19 <i>Eucalyptus rubida</i>	41 <i>Eucalyptus aggregata</i>	63 <i>Eucalyptus deglupta</i>
20 <i>Eucalyptus ovata</i>	42 <i>Eucalyptus deanei</i>	64 <i>Eucalyptus haemastoma</i>
21 <i>Eucalyptus risdonii</i>	43 <i>Eucalyptus badjensis</i>	65 <i>Eucalyptus alba</i>
22 <i>Eucalyptus morrisbyi</i>	44 <i>Eucalyptus consideniana</i>	66 <i>Eucalyptus camaldulensis</i> × <i>coolabab</i>

Presentación

INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES HISTÓRICOS • O Xardín Botánico de Lourizán foi creado no ano 1949 baixo a denominación de “Arboreto” cun obxectivo de investigación e experimentación, e ao mesmo tempo cunha finalidade didáctica e recreativa.

O Xardín Botánico xunto co Centro de Investigación Forestal de Lourizán sitíanse nunha leira de 52 ha, na vertente norte da Península do Morrazo, nunha ladeira aberta á ría de Pontevedra, fronte á illa de Tambo e Combarro. A leira, anteriormente nomeada a Granxa da Serra ou a “Granxa” a secas, foi adquirida pola Deputación Provincial de Pontevedra en 1941 e anteriormente fora propiedade de D. Eugenio Montero Ríos, presidente do Consello de Ministros a finais do século XIX.

A actual estrutura do xardín é a suma dos seus sucesivos usos, comprendendo elementos moi interesantes como son o pombal, o hórreo e a airea procedentes do seu período como Granxa da Serra; o pazo, o invernadoiro e os xardíns construídos por Montero Ríos entre finais do século XIX e principios do XX, cunha importante influencia modernista, e finalmente edificacións e plantacións ligadas ao seu uso actual como Centro de Investigación. Compoñentes destacados do xardín de Montero Ríos son o invernadoiro, a mesa de pedra, o Parque das Rías, a Gruta de Echegaray e a Fonte dos Espellos.

O Xardín Botánico de Lourizán foise formando a partir das achegas realizadas en tempos de D. Eugenio Montero Ríos e as efectuadas en diferentes épocas polos distintos equipos de dirección do Centro de Investigación.

O exemplar máis antigo do xardín ten algo máis de 200 anos e corresponde a un carballo (*Quercus robur*), de orixe natural, ou algúns dos buxos (*Buxus sempervirens*) do Parque das Rías. Outros exemplares antigos relaciónanse no apartado Especies Singulares e teñen a maioría polo menos 120 anos de idade.

Nos anos cincuenta do século pasado procedeuse a un intenso labor de incorporación de novas especies, destacando o Eucalyptetum (*Eucalyptus* sp.p.), o Coniferetum (*Pinus* sp.p., *Abies* sp.p., *Picea* sp.p., etc.), que se considera o máis completo da Península Ibérica con 172 taxons, ou as coleccións de castiñeiros (*Castanea* sp.p.), que foron incrementado o seu número durante todo o período posterior. Na década dos 80 e os posteriores incorporáronse novas coleccións, como a de procedencias de faias (*Fagus sylvatica*) de toda España, flora de Taiwán, novas especies de flora australiana, flora forestal española no Parque das Autonomías, flora arbustiva española, coleccións de hortos sementeiros e bancos clonais de especies forestais melloradas, Arboreto REINFFORCE e outros grupos diversos. Actualmente hai máis de 850 especies catalogadas, a maioría árbores e arbustos.

Anexo ao Xardín Botánico está o Herbario LOU —con máis de 80.000 pregos de fanerógamas, 15.000 de fungos e unha colección de insectos—, o Centro de Investigación Forestal de Lourizán e o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal. Ademais do valor científico das coleccións e ensaios que se realizan no Xardín Botánico, este ten unha función estética, sociolóxica, pedagóxica, polas numerosas visitas de escolares e estudantes.


Coniferetum



As diferentes especies proceden das súas principais áreas naturais: América do Norte, Caribe, Asia e Europa. A orixe da colección corresponde ás especies plantadas na década de 1950, con plantacións posteriores, parte delas en diferentes lugares do Xardín Botánico, polo que actualmente hai 172 especies ou variedades, o que converte esta colección na mellor e máis completa colección de coníferas de toda a Península Ibérica. Cabe suliñar as 52 especies e subespecies de piñeiros.

TAXONS COS QUE CONTA ACTUALMENTE ESTA COLECCIÓN		
1 <i>Pinus radiata</i>	31 <i>Pinus serotina</i>	60 <i>Pinus nigra</i> subsp. <i>corsicana</i>
2 <i>Pinus michoacana</i>	32 <i>Pinus glabra</i>	61 <i>Picea abies</i>
3 <i>Pinus jeffreyi</i>	33 <i>Pinus nigra</i> subsp. <i>calabrica</i>	62 <i>Picea rubens</i>
4 <i>Pinus contorta</i> subsp. <i>latifolia</i>	34 <i>Pinus caribaea</i>	63 <i>Picea meyeri</i> subsp. <i>compacta</i>
5 <i>Pinus oocarpa</i>	35 <i>Pinus palustris</i>	64 <i>Abies alba</i>
6 <i>Pinus contorta</i> subsp. <i>contorta</i>	36 <i>Pinus ayacahuite</i>	65 <i>Abies chensiensis</i>
7 <i>Pinus patula</i>	37 <i>Picea meyeri</i>	66 <i>Abies concolor</i>
8 <i>Pinus pseudostrobus</i>	38 <i>Pinus sylvestris</i> subsp. <i>rigensis</i>	67 <i>Abies delavayi</i>
9 <i>Pinus rigida</i>	39 <i>Pinus sylvestris</i> subsp. <i>mongolica</i>	68 <i>Abies ernestii</i> subsp. <i>ernestii</i>
10 <i>Pinus cubensis</i>	40 <i>Pinus muricata</i>	69 <i>Abies firma</i>
11 <i>Pinus armandii</i>	41 <i>Picea smithiana</i>	70 <i>Abies fraseri</i>
12 <i>Pinus cembra</i> subsp. <i>cembra</i>	42 <i>Picea glauca</i>	71 <i>Abies homolepis</i>
13 <i>Pinus lambertiana</i>	43 <i>Pinus griffithii</i>	72 <i>Abies koreana</i>
14 <i>Pinus taeda</i>	44 <i>Picea likiangensis</i>	73 <i>Abies lasiocarpa</i> subsp. <i>arizona</i>
15 <i>Pinus attenuata</i>	45 <i>Pinus yunnanensis</i> subsp. <i>compacta</i>	74 <i>Abies magnifica</i>
16 <i>Pinus elliotii</i> subsp. <i>elliotii</i>	46 <i>Pinus yunnanensis</i> subsp. <i>yunnanensis</i>	75 <i>Abies nordmanniana</i>
17 <i>Pinus banksiana</i>	47 <i>Pinus tabulaeformis</i>	76 <i>Abies pinsapo</i>
18 <i>Pinus resinosa</i>	48 <i>Pinus thumbergi</i>	77 <i>Abies squamata</i>
19 <i>Pinus monticola</i>	49 <i>Pinus koraiensis</i> subsp. <i>koraiensis</i>	78 <i>Araucaria angustifolia</i>
20 <i>Pinus sylvestris</i>	50 <i>Picea omorika</i>	79 <i>Agathis australis</i>
21 <i>Pinus nigra</i> subsp. <i>salzmannii</i>	51 <i>Pinus densiflora</i>	80 <i>Araucaria araucana</i>
22 <i>Pinus coulteri</i>	52 <i>Pinus densata</i>	81 <i>Araucaria bidwillii</i>
23 <i>Pinus ponderosa</i> subsp. <i>ponderosa</i>	53 <i>Pinus massoniana</i>	82 <i>Araucaria heterophylla</i>
24 <i>Pinus virginiana</i>	54 <i>Pinus kesya</i>	83 <i>Austrocedrus chilensis</i>
25 <i>Pinus echinata</i>	55 <i>Pinus taiwanensis</i>	84 <i>Callitris oblonga</i> subsp. <i>oblonga</i>
26 <i>Pinus pinaster</i>	56 <i>Picea asperata</i>	86 <i>Callitris rhomboidea</i>
27 <i>Pinus × sonderreggerii</i>	57 <i>Picea koraiensis</i>	87 <i>Calocedrus decurrens</i>
28 <i>Pinus strobfornis</i>	58 <i>Picea morrissonicola</i>	88 <i>Cedrus atlantica</i>
29 <i>Pinus sabiniana</i>	59 <i>Pinus pallasiana</i>	89 <i>Cedrus atlantica</i> var. <i>glauca</i>
30 <i>Pinus clausa</i>		

Nota: as especies cun asterisco (*) medran noutros lugares da leira, fóra do Eucalyptetum.



90 <i>Cedrus deodara</i>	114 <i>Cupressus × leylandii</i>	144 <i>Pinus peuce</i>
91 <i>Cedrus libani</i>	115 <i>Dacrydium cupressinum</i>	145 <i>Pinus pinea</i>
92 <i>Cephalotaxus fortunei</i>	116 <i>Dacrycarpus dacrydioides</i>	146 <i>Pinus strobus</i>
93 <i>Cephalotaxus harringtonia</i>	117 <i>Juniperus brevifolia</i>	147 <i>Platycladus orientalis</i>
94 <i>Chamaecyparis lawsoniana</i>	118 <i>Juniperus chinensis</i>	148 <i>Podocarpus cunninghamii</i>
95 <i>Chamaecyparis lawsoniana</i> cv. <i>Alumii</i>	119 <i>Juniperus communis</i> subsp. <i>communis</i>	149 <i>Podocarpus elongatus</i>
96 <i>Chamaecyparis nootkatensis</i>	120 <i>Juniperus communis</i> subsp. <i>hemisphaerica</i>	150 <i>Podocarpus henkelii</i>
97 <i>Chamaecyparis obtusa</i>	121 <i>Juniperus horizontalis</i>	151 <i>Podocarpus latifolius</i>
98 <i>Chamaecyparis obtusa</i> cv. <i>Nana</i>	122 <i>Juniperus media</i>	152 <i>Podocarpus macrophyllus</i>
99 <i>Chamaecyparis obtusa</i> cv. <i>Filiculoides</i>	123 <i>Juniperus oxycedrus</i>	153 <i>Podocarpus nivalis</i>
100 <i>Chamaecyparis pisifera</i> cv. <i>Plumosa</i>	124 <i>Juniperus phoenicea</i> subsp. <i>phoenicea</i>	154 <i>Podocarpus totara</i>
101 <i>Chamaecyparis pisifera</i> cv. <i>Squarrosa</i>	125 <i>Juniperus phoenicea</i> subsp. <i>turbinata</i>	155 <i>Pseudotsuga menziesii</i>
102 <i>Chamaecyparis thoides</i>	126 <i>Juniperus recurva</i>	156 <i>Pseudotsuga wilsoniana</i>
103 <i>Cryptomeria japonica</i>	127 <i>Juniperus rigida</i>	157 <i>Syadopiitys verticillata</i>
104 <i>Cryptomeria japonica</i> cv. <i>Elegans</i>	128 <i>Juniperus sabina</i>	158 <i>Sequoia sempervirens</i>
105 <i>Cunninghamia konisii</i> subsp. <i>konisii</i>	129 <i>Juniperus thurifera</i>	159 <i>Squoiadendron giganteum</i>
106 <i>Cunninghamia lanceolata</i>	130 <i>Juniperus × pfitzeriana</i>	160 <i>Taiwania cryptomerioides</i>
107 <i>Cupressus arizonica</i> cv. <i>Piramidal</i>	131 <i>Larix decidua</i>	161 <i>Taxodium distichum</i>
108 <i>Cupressus funebris</i>	132 <i>Larix × eurolepis</i>	162 <i>Taxus baccata</i>
109 <i>Cupressus lusitanica</i> subsp. <i>lusitanica</i>	133 <i>Libocedrus bidwillii</i>	163 <i>Tetrclinis articulata</i>
110 <i>Cupressus lusitanica</i> subsp. <i>benthamii</i>	134 <i>Metasequoia glyptostroboides</i>	164 <i>Thuja occidentalis</i>
111 <i>Cupressus macrocarpa</i>	135 <i>Nageia nagi</i>	165 <i>Thuja plicata</i>
112 <i>Cupressus macrocarpa</i> cv. <i>Fastigiata</i>	136 <i>Picea breweriana</i>	166 <i>Thujiopsis dolabrata</i>
113 <i>Cupressus sempervirens</i>	137 <i>Picea sitchensis</i>	167 <i>Tsuga caroliniana</i>
	138 <i>Picea pungens</i>	168 <i>Tsuga canadensis</i>
	139 <i>Pinus brutia</i>	169 <i>Tsuga chinensis</i>
	140 <i>Pinus canariensis</i>	170 <i>Tsuga heterophylla</i>
	141 <i>Pinus eldarica</i>	171 <i>Tsuga mertensiana</i>
	142 <i>Pinus halepensis</i>	172 <i>Widdringtonia nodiflora</i>
	143 <i>Pinus nigra</i> subsp. <i>laricio</i>	

NOTA: As especies a partir do n.º 63 (inclusive) non aparecen no plano adxunto, pois encontráronse localizadas noutros lugares do xardín.

Especies singulares

Entre as máis de 850 especies incluídas nas coleccións e individuos illados que vexetan o Xardín Botánico de Lourizán destacan un certo número delas que pola súa rareza, tamaño, forma ou historia se consideran árbores sobresalientes, o que levou a que varias se incluíran no Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia*).

Agathis australis. Conífera de interese forestal nativa de Nova Zelandia, plantada en 1960 e escasamente cultivada en Europa (A).

Araucaria angustifolia. Chamada Araucaia do Brasil, foi plantada en 1889 (B).



Araucaria heterophylla. *Araucaria* excelsa, procedente da Illa de Norfolk (Australia) e ten uns 130 anos (C).

Arecastrum romazoffianum. Bonita palmeira oriunda da metade sur de Sudamérica, que actualmente se comeza a empregar en xardíns privados (N).

Buxus sempervirens. Moi frecuente nos nosos xardíns. É unha das árbores máis antigas do xardín, con máis de 200 anos (D).

Callitris oblonga, *C. rhomboidea*. Cupresáceas de Nova Zelandia, plantadas en 1986 e cultivadas moi raramente fóra do territorio de Oceanía (E).

Camellia japonica. Entre os máis de 150 exemplares existentes no xardín, a maioría correspondentes

a variedades clásicas anteriores a 1950, sobresaen un exemplar de 20 m de altura, que probablemente sexa o de maior tamaño do Mundo (S).

*Cedrus libani**. Precioso exemplar que domina a fronte do pazo; ten máis de 120 anos (F).



*Corylus avellana**. Árbore de máis de 200 anos, cun espectacular porte, moi diferente da natural nesta especie (G).

*Cryptomeria japonica**. Os dous preciosos exemplares do Parque das Rías foron plantados en 1887 (H).

Dacrydium cupressinum. Conífera de interese forestal, nativa de Nova Zelandia, plantada en 1960 e escasamente cultivada fóra da súa área de orixe (I).

Eucalyptus globulus. Dentro da ampla colección de eucaliptos, este exemplar destaca polo seu tamaño e o crecemento medido entre os anos 1975 e 2011 (R).

Fagus sylvatica. Especie característica dos bosques europeos. Ademais dos exemplares illados no xardín, temos unha colección de faias que cobre a súa área natural no norte da Península Ibérica e foi plantada en 1991 e 1992 (Z).

Parque das Autonomías



O denominado Parque das Autonomías foi creado no 1993 por mor da celebración en Lourizán do I Congreso Forestal Español–Lourizán 1993.

Nel pódese ver unha representación das especies arbóreas máis características de cada comunidade autónoma española.

No ano 2000 incorporáronse varias especies orixinarias de Castela e León e de Canarias, e en 2002 da Comunidade Autónoma de Cataluña.

Como nas demais coleccións, periodicamente incorpóranse novas especies.

TAXONS COS QUE CONTA ACTUALMENTE ESTA COLECCIÓN		
1 <i>Acer campestre</i>	12 <i>Pinus pinea</i>	24 <i>Abies pinsapo</i>
2 <i>Quercus humilis</i>	13 <i>Arbutus unedo</i>	26 <i>Myrica faya</i>
3 <i>Quercus faginea</i> subsp. <i>faginea</i>	14 <i>Pinus nigra</i>	27 <i>Apollonia barbujauna</i>
4 <i>Quercus petraea</i>	15 <i>Acer palmatum</i>	28 <i>Juniperus thurifera</i>
5 <i>Fagus sylvatica</i>	16 <i>Ilex aquifolium</i> cv. <i>Variegata</i>	29 <i>Juniperus phoenicea</i> subsp. <i>phoenicea</i>
6 <i>Buxus sempervirens</i>	17 <i>Quercus suber</i>	30 <i>Pinus cordata</i>
7 <i>Pinus sylvestris</i>	18 <i>Quercus alba</i>	31 <i>Pinus alba</i>
8 <i>Betula pubescens</i> subsp. <i>celtibérica</i>	19 <i>Morus alba</i>	32 <i>Juniperus oxycedrus</i>
9 <i>Quercus robur</i>	20 <i>Tetraclinis articulata</i>	33 <i>Pinus terminalis</i>
10 <i>Prunus avium</i>	21 <i>Fraxinus ornus</i>	34 <i>Pinus lusitania</i>
11 <i>Castanea sativa</i>	22 <i>Ceratonia siliqua</i>	35 <i>Pinus pedus</i>
	23 <i>Quercus faginea</i> subsp. <i>faginea</i>	37 <i>Quercus ilex</i> subsp. <i>ilex</i>

Centro de Investigación Forestal

O Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF) atópase na actualidade integrado na estrutura da Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Creouse no ano 1943 coa denominación de Centro Rexional de Ensinos, Investigacións e Experiencias Forestais (CREIEF). A leira foi cedida para ese cometido pola Deputación de Pontevedra, no ano 1943, para instalar o laboratorio de investigación ligado ao Instituto Forestal de Investigacións e Experiencias (IFE). O Centro quedou integrado no Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA) no ano 1973; en 1984 foi transferido á Xunta de Galicia.

Desde a súa creación, o CIF de Lourizán desenvolve proxectos de investigación en diferentes áreas forestais, sendo un efectivo axente divulgador de ideas dinamizadoras do sector forestal, participando activamente en numerosas plataformas, foros e comités técnicos ligados a este, tanto en Galicia como a nivel nacional e internacional. Establecéronse e mantéñense fortes relacións con centros similares de diferentes países. Os seus investigadores tiveron un papel moi activo ao comezo do asociacionismo forestal e no desenvolvemento dos ensinos universitarios forestais en Galicia, coa realización de prácticas e teses de doutoramento e de másteres nas súas instalacións. Tamén o CIF foi e é un viveiro de investigadores e docentes que hoxe exercen o seu traballo noutras institucións dentro e fóra da nosa comunidade. Tivo un papel destacado na creación e expansión da Sociedade Española de Ciencias Forestais.

O CIF de Lourizán foi pioneiro no noso país no desenvolvemento e posta en práctica de numerosos produtos e tecnoloxías forestais. A transferencia dos resultados da investigación foi unha constante do CIF durante estes anos. Asesorouse a administración forestal, xestores, técnicos, viveiristas, propietarios e empresas forestais, a través de informes, atención a consultas, proxectos demostrativos, sitios experimentais, proxectos en colaboración, cursos e numerosas publicacións de todo tipo, así como mediante conferencias e colaboración en foros, congresos e obradoiros. Tamén se efectuaron cesións do material xenético que serviron para a creación de empresas e para a mellora dos seus procesos tecnolóxicos.

O CIF de Lourizán desde a súa creación mantén unha numerosa rede de dispositivos e parcelas de experimentación (máis de 175) dentro e fóra de Galicia, que permite obter resultados utilizables, tendo en conta a resposta a longo prazo das especies forestais e a notable diversidade de ecosistemas existentes en Galicia. Tamén xestiona o Xardín Botánico de Lourizán.



Actualmente, o CIF de Lourizán estruturárase en tres departamentos: Ecosistemas Forestais, Silvicultura e Mellora, Protección Forestal, que levan a cabo proxectos e ensaios forestais que sexan útiles ao conxunto da nosa comunidade. Esa tarefa debe dar resposta aos problemas do sector produtivo forestal apoiando nunha forte colaboración co devandito sector, e ao mesmo tempo, mellorar os bens intanxibles fornecidos polos espazos forestais (biodiversidade, fixación do carbono, dispoñibilidade de auga de calidade, conservación do solo, paisaxe...), necesarios para o benestar de toda a comunidade, e asegurar a perdurabilidade, adaptabilidade e resistencia dos ecosistemas forestais fronte a factores de perturbación (cambio climático, incendios, enfermidades e pragas).

MOUTEIRAS

	Castiñeiros		Eucaliptos		Xardíns
	Cerdeiras		Frondosas		REINFFORCE
	Coníferas				

ITINERARIOS

- Itinerario principal
- Visita á colección de faias e flora de Taiwán e Australia
- Visita ao Eucalyptetum e coleccións varias
- Visita ao Coniferetum e ao arboreto REINFFORCE



ÁRBORES SOBRESAÍNTES

A <i>Agathis australis</i>	I <i>Dacrydium cupressinum</i>	Q <i>Tetrclinis articulata</i>
B <i>Araucaria angustifolia</i>	J <i>Metasequoia glyptostroboides</i>	R <i>Eucalyptus globulus</i>
C <i>Araucaria heterophylla</i>	K <i>Pinus canariensis</i>	S <i>Camellia japonica</i>
D <i>Buxus sempervirens</i>	L <i>Podocarpus totara</i>	T <i>Larix x eurolepis</i>
E <i>Callitris oblonga</i> , <i>Callitris rhomboidea</i>	M <i>Prunus avium</i>	U <i>Pinus halepensis</i>
F <i>Cedrus libani</i>	N <i>Sequoia sempervirens</i>	V <i>Pseudotsuga menziesii</i>
G <i>Corylus avellana</i>	O <i>Arecastrum romazoffianum</i>	X <i>Quercus ilex</i> subsp. <i>ilex</i>
H <i>Cryptomeria japonica</i>	P <i>Sophora japonica</i> cv. <i>Pendula</i>	Y <i>Pawlonia fortunei</i>
		Z <i>Fagus sylvatica</i>

EDIFICIOS E LUGARES DE INTERESE

1 Centro de Formación e ExperimentaciónAgroforestal	6 Laboratorio de Augas	12 Ruínas do muíño
2 Aulario da escola	7 Hórreo, aira e sequeiro	13 Mesa de pedra
3 Leira	8 Laboratorio de Mellora Xenética	14 Poza das Troitas
4 Cámara de queimas	9 Almacén	15 Gruta e Fervenza de Echegaray
5 Dpto. de Protección Forestal	10 Estación meteorolóxica	
	11 Fonte dos Tres Canos	


Nota: o acceso á metade leste do Xardin Botánico (onde se atopa gran parte dos castiñeiros e o Coniferetum) está restrinxido a horario laboral (de luns a venres, de 8 a 15 horas), salvo cita previa.

Itinerario principal

Partindo dos laboratorios do Centro de Investigación, ali podemos admirar especies como *Fagus sylvatica* cv. *Atropurpurea* ou *Aesculus x carnea* **[parada 1]**, seguimos a estrada e paramos ante a aira e o hórreo, datados de 1798, situados fronte ao Laboratorio de Mellora Xenética **[2]**. Deseguido, atopámonos coa estación meteorolóxica, instalada en 1955 e xerme de Meteogalicia **[3]**. Seguindo o noso camiño pola estrada, podemos ver na **parada 4** unhas mouteiras de *Larix x eurolepis*, *Picea abies*, *Pinus canariensis*, *Abies pinsapo* e *Quercus rubra*, e máis arriba **[5]** atopamos



os de *Castanea crenata*, *Podocarpus totara*, *Dacrydium cupressinum*, *Lophospermum confertum*, *Ulmus glabra*, *Eucalyptus ficifolia* e *Agathis australis*; á dereita subindo hai unha notable fila de plátanos de paseo, que alcanzan os 50 m de altura. Na **parada 6** podemos ver unha mouteira de *Castanea crenata* e dous de *C. mollissima* e *Pseudotsuga menziesii*. Nos seus arredores podémonos adentrar nunha frondosa masa de *Chamaecyparis lawsoniana* **[7]**. De ali baixamos pola Gruta e Fervenza de Echegaray e camiñamos polo Parque das Rías a partir do estanque, situado ao pé da fervenza **[8]**. Polo parque cara a abaixo, entre as canles chamadas rías, podemos ver grandes exemplares de *Magnolia grandiflora*, *Araucaria angustifolia*, *Cryptomeria japonica*, *Prunus avium* e *Camellia japonica*, esta última, con 20 m, é probablemente o exemplar da especie máis alto do Mundo **[9]**.



Visita á colección de faias e flora de Taiwán e Australia

Desde a **parada 12**, por baixo do exemplar de *Metasequoia glyptostroboides*, seguindo o camiño de terra, podemos ver unha representación de distintas especies de frondosas autóctonas galegas (*Fraxinus excelsior*,



Despois dun gran estanque de almenaxe de auga, atravesamos as mouteiras de diversas coníferas (como *Sequoia sempervirens*, varias especies do xénero *Chamaecyparis*, *Taxus baccata*, *Taxodium distichum* e *Abies alba*) e frondosas como *Castanea crenata* **[10]**. Seguindo o camiño, atopámonos co mirador da Mesa de Pedra **[11]**. Por debaixo do mirador están as ruínas do muíño, onde temos un exemplar de *Meta-sequoia glyptostroboides*, outro de *Ginkgo biloba* e unha mouteira do fento *Woodwardia radicans* **[12]**, e baixando pola estrada, chegamos á Fonte dos Tres Canos, datada de 1802, o lavadouro e os exemplares de *Casuarina cunninghamiana*, *Senna corimbosa* e *Quercus shumardii* **[13]**. Subindo pola chamada Avenida das Estatuas, chegamos á Fonte dos Espellos **[14]**, donde onde subimos ao pazo **[15]**. Os exemplares de *Cedrus atlantica* cv.




Glaucia, *Sophora japonica* cv. *Pendula*, *Acer japonicum* e a fileira de *Rhododendron* son o máis destacable da **parada 16**. O Parque das Autonomías, co pombal de 1790, sería a **parada 17** para subir ao invernadoiro de cristal, cos seus exemplares de glicinia, buganvilea, *Strelitzia augusta* e plantas crasas **[18]**; donde aquí accedemos aos xardíns do estanque **[19]**, onde destacan exemplares de *Corylus avellana*, *Buxus sempervirens*, *Acer palmatum* e *Ulmus glabra* cv. *Camperdownii*. Dende aquí volvemos ao punto de partida **[1]**.



Visita ao Eucalyptetum e coleccións varias

Ao chegar abaixo, camiñamos pola estrada de acceso cara á entrada e podemos ver a Fonte da Concha, diversas árbores ibéricas, unha mouteira de *Castanea crenata* e o resto da colección de faias ibéricas **[32]**. De volta cara ao pazo camiñamos ao longo dunha longa fila de camelias de diversas variedades e magnolias dos pantanos (*Magnolia grandiflora*), ata chegar á Fonte dos Tres Canos **[13]**.



Visita ao Coniferetum e ao arboreto REINFFORCE

Entre as paradas **3** e **4** (só en días e horas de traballo), pasamos os portóns cruzando o camiño veciñal; ascendemos cara á dereita polo interior da leira seguindo o camiño e podemos ver unha fileira de *Chamaecyparis pisifera* e aos lados as parcelas de castiñeiro híbrido (*Castanea crenata* x *sativa*) e de cerdeira (*Prunus avium*) **[20]**. Seguimos subindo polo camiño e chegamos a unhas parcelas con distintas especies (*Cryptomeria japonica*, *Sequoia sempervirens*, *Cupressus macrocarpa*, *Eucalyptus cinerea*, *E. pulverulenta*...) **[21]**. E ao subir vemos unhas mouteiras de distintos clones de estripeiro (*Crataegus monogyna*), chopos (*Populus* sp.pl.) **[22]** e unha mouteira de *Sequoia sempervirens* **[23]**, mentres enfrente temos as 38 especies do arboreto REINFFORCE. Na **parada**



24 estamos na área principal do Coniferetum, con máis de 63 especies. Baixamos de novo polo camiño veciñal e retornamos ao itinerario principal entre as **paradas 5** e **6**, despois de atravesar a colección de clones de castiñeiro híbrido.



de variedades de castiñeiro do país (*Castanea sativa*) enxertadas sobre patróns de castiñeiro híbrido (*Castanea crenata* x *sativa*). De ali seguimos ata un enorme eucalipto, con medicións realizadas en 1975 e 2011, e a continuación seguimos ata o estanque **[10]**.

